



Estrutura produtiva das ganderías de vacún de leite ecolóxico en Galicia

Nas seguintes liñas presentamos o traballo levado a cabo a partir da enquisa realizada a 28 explotacións de leite en ecolóxico en Galicia en 2019, cando esta comunidade tan só tiña 4,2 % de superficie certificada, co fin de caracterizalas desde o punto de vista produtivo e socioeconómico, nun contexto marcado polas novas políticas ambientais europeas.

Ibán Vázquez¹, Carlos Rojo¹, María do Mar Pérez¹, Xan Pouliquen²

¹Facultade de Veterinaria de Lugo, Universidade de Santiago de Compostela
 iban.vazquez.gonzalez@usc.es¹, rojo_pombito@hotmail.com, mariadomar.perez@usc.es

²Xestión Agrogandeira e Natureza SL (Lugo)
 xerencia@xangalicia.com²

INTRODUCCIÓN

Galicia é unha das 10 principais rexións produtoras de leite a nivel europeo (López, 2015). Os últimos datos do sector confirman que actualmente hai nesta comunidade 6.251 ganderías de vacún leiteiro e que a produción de leite cru acumulada nos últimos 12 meses (de xuño de 2021 a maio de 2022) ascende a 3.006 millóns de kg, o 40,2 % do conxunto de España (MAPA, 2022).

Ademais, o vacún de leite é un sector que nas últimas décadas experimentou un intenso proceso de axuste estrutural, dando como resultado unha forte redución no número de ganderías e ocupados, un incremento da dimensión produtiva e do grao de intensificación (García, 2021).

Pola súa contra, as ganderías de leite certificadas en ecolóxico, que se atopan reguladas polo Regulamento Europeo (UE) 2018/848, rexistraron

nos últimos anos un importante crecemento, de maneira máis relevante a partir do ano 2015 (Soto e Pérez, 2022). No caso de Galicia, se ben as granxas leiteiras certificadas no ano 2020 son 122, unha porcentaxe inferior ao 2 % en relación ás que hai en convencional, equivalen ao 52,1 % do total de ganderías certificadas no conxunto de España. Ademais, conségtase un elevado crecemento desde o ano 2015, no que había en Galicia 40 explotacións certificadas (MAPA, 2016; 2021).

Na nosa opinión, este incremento tan importante atribúese principalmente a dous factores. O primeiro deles refírese ao crecemento que está habendo nos últimos anos da

► NO CASO DE GALICIA, SE BEN AS GRANXAS LEITEIRAS CERTIFICADAS NO ANO 2020 SON 122 [...], EQUIVALEN AO 52,1 % DO TOTAL DE GANDERÍAS CERTIFICADAS NO CONXUNTO DE ESPAÑA

preocupación do consumidor pola calidade e a seguridade dos alimentos (Hughner *et al.*, 2007; Olaizola *et al.*, 2012). O segundo garda relación cos mercados, caracterizados por unha elevada volatilidade do prezo do leite líquido convencional e os insumos, unido á inseguridade na comercialización tras a eliminación das cotas leiteiras e a un maior prezo pagado ao produtor ecolóxico (sobre 15-20 céntimos por litro).

O contexto marcado polas novas políticas ambientais europeas (Pacto Verde Europeo, Estratexia “Da granxa á mesa” ou a Estratexia sobre biodiversidade), que entre outros obxectivos propoñen incrementar ata o 25 % a SAU certificada en ecolóxico para o ano 2030 (Comisión Europea, 2020), permite supoñer que o número de ganderías certificadas vai a seguir crescendo. Considerando que Galicia tiña só un 4,2 % de superficie certificada no ano 2019, parece urxente caracterizar desde o punto de vista produtivo e

socioeconómico ás explotacións leiteiras de vacún ecolóxico en Galicia para enfrontar este novo contexto.

MATERIAL E MÉTODOS

O material analizado procede dunha enquisa a 28 titulares de explotacións con vacas de leite en ecolóxico en Galicia, realizadas entre abril e maio do ano 2019, seleccionadas mediante unha mostraxe aleatoria estratificada, de afixación proporcional, segundo superficie agraria útil (SAU): <20 ha (4 enquisas); 20 <40 ha (14 enquisas); 40 <60 ha (5 enquisas); ≥60 ha (5 enquisas). ►

BETIMAX RDS


¡UN TRANSPORTE SEGURO Y CÓMODO!



Suspensión de la barra de tiro por láminas parabólicas



Caja galvanizada o pintada



**• Sistema ras-del-suelo 14 cm
• Puerta trasera con apertura total**



Barreras a elegir:
• Giratorias
• Sobre rieles
• Telescópicas

HOMOLOGACIÓN UE

SCAN ME

JOSKIN 136B

joskin.com

10.2022 | Vaca Pinta n.º 34 | 137

A enquisa contén 330 rexistros de información estruturados nos seguintes 7 bloques:

1. Identificación e titularidade
2. Estrutura produtiva e manexo: base territorial; gando; alimentación; investimentos: construcións e instalacións, maquinaria...
3. Estrutura familiar
4. Período de transición (reconversión) (motivantes; Pp. cambios; limitantes)
5. Situación actual (producción, satisfacción)
6. Perspectivas futuras
7. Estrutura económica

Neste traballo utilizouse a información relativa á titularidade, a estrutura produtiva (base territorial, gando, alimentación e traballo), familiar e económica. Os resultados preséntanse en valores medios e porcentaxe sobre o total, segundo estrato de mostraxe.

RESULTADOS

Estrutura produtiva

Entrevistáronse un total de 28 ganderías. A maioría (61 %) localízase en Lugo, a provincia con maior superficie agraria útil (SAU) certificada en ecolóxico, con aproximadamente a metade de Galicia. En relación coa condición xurídica do titular, unha cuarta parte son entidades asociativas (1 SAT e 6 sociedades civís) sendo este tipo de explotacións as que teñen un maior tamaño en termos de superficie: son o 40 % das que dispoñen de máis de 40 ha (cadro 1). Esta relación entre maior dimensión produtiva e relevancia de fór-

mulas societarias obsérvase noutros traballos relativos á produción convencional de leite de vaca na cornixa cantábrica (Flores *et al.*, 2017; García *et al.*, 2021).

O total das ganderías enquisadas proveñen da conversión dunha explotación láctea convencional, que na metade dos casos se certificaron en ecolóxico con posterioridade ao ano 2015. Este feito ten maior incidencia nas explotacións pertencentes ao estrato de SAU comprendido entre 20 e 40 ha, e afecta a 2 de cada 3.

A SAU media por explotación, de 38,8 ha, presenta grandes diferenzas en función do estrato de SAU. Vai desde as 12,5 ha no estrato máis pequeno (<20 ha), ata as 69 ha no de maior dimensión (≥60 ha). O número medio de parcelas por explotación ascende a 48,9 unidades, de tal maneira que a superficie media por parcela é de 7.934 metros cadrados. As parcelas máis grandes encóntranse nas ganderías que teñen entre 20 e 40 ha de SAU, de media con 10.554 metros cadrados. A porcentaxe media de SAU arrendada (36,9 %) é indicativa de que a terra en propiedade (59,4 %) é o principal réxime de tenza en ganderías de vacún de leite ecolóxicas galegas. Botana *et al.*, (2018) nunha mostraxe de 10 ganderías ecolóxicas en Galicia obteñen similar relevancia da SAU arrendada (34,9 %). Estudos algo máis antigos para explotacións convencionais de vacún leiteiro en Galicia (Sineiro *et al.*, 2012; Flores *et al.*, 2017) confirman que a SAU en propie-

► A MAIORÍA (61 %) LOCALÍZASE EN LUGO, A PROVINCIA CON SAU CERTIFICADA EN ECOLÓXICO, CON APROXIMADAMENTE A METADE DE GALICIA

Cadro 1. Titularidade e base territorial

Estrato SAU (ha)	<20	20<40	40<60	≥60	TOTAL
N.º de explotacións	4	14	5	5	28
Expl. en Lugo (% s. total)	75,0	64,2	40,0	60,0	60,7
Exp. societarias (% s. total)	0,0	21,4	40,0	40,0	25,0
Exp. reconv. post 2015 (% s. total)	50,0	64,3	40,0	20,0	50,0
Base territorial					
SAU (ha)	12,5	32,4	47,8	69,0	38,8
N.º de fincas (parcelas)	19,0	30,7	72,8	100,2	48,9
Tamaño medio de parcela (ha)	0,66	1,06	0,64	0,69	0,79
SAU arrendada (% s. total)	23,4	38,9	35,7	43,1	36,9
Custo anual arrendamento (€/ha ano)	333,3 (3)	271,0 (10)	232,0 (5)	272,0 (5)	270,9 (23)
SAU a menos de 3 km (% s. total)	81,5	82,8	63,0	63,4	75,6
Aproveitamento herba (% SAU)	100,0	97,2	92,1	96,1	96,5
Outra superficie arbórea (ha)	1,0 (2)	2,2 (9)	1,0 (3)	5,4 (4)	2,6 (18)

Nota: os valores entre parénteses refírense ao número de enquisas que responden a esta pregunta

dade é tamén o principal réxime de tenza, ao redor do 70 %; porén, a porcentaxe de SAU arrendada tería unha menor relevancia que en produción ecolóxica. Ademais, nas explotacións de menor tamaño a fórmula de arrendo está menos estendida (23,4 % da SAU), o que parece gardar relación co maior custo anual do arrendamento (333 € ha) e quizais coa maior dificultade para acceder á terra por esta vía. En relación coa distribución da superficie, cabe dicir que 3 de cada 4 ha se encontran a menos de 3 quilómetros, ►

Alfalfa de secano e regadío

Mesturas Forraxeiras

Gama SPEEDYLMIX, 6 tipos de pradeiras
anuais de sega ou pastoreo

Gama PLURIMIX, 4 tipos de pradeiras
perennes para secanos frescos

Gama REGMIX, 3 tipos de pradeiras
perennes de regadío

Gama SECMIX, 2 tipos de pradeiras
perennes para secano

Alfalfa SAN ISIDRO, elevada produ-
ción, gran perenidade, secano ou regadío

VICTORIA, a Alfalfa mellorada, para
secano ou regadío

Alfalfa TIERRA DE CAMPOS, rústica
e adaptada ao secano



distancia máxima esta que se considera compatible coa realización do pastoreo en vacún leiteiro. Son as explotacións con maior SAU (≥ 40 ha) as que presentan unha menor porcentaxe de superficie dentro desta demarcación (63 %).

O principal aproveitamento da SAU é a herba dos prados, pradeiras ou pasteiros (96,5 % do total), fundamentalmente para a acción do pastoreo do gando, pero tamén como forraxes conservados (ensilados e herba seca). Ademais, 2 de cada 3 explotacións dispoñen de media de 2,6 ha de superficie arbórea, sendo común en todas elas o aproveitamento gandeiro desta como zona de refuxio.

A dimensión gandeira media das explotacións enquisadas que ascende a 41 vacas (75,9 % en produción) é moi similar á que presentaban o conxunto das explotacións leiteiras en Galicia no ano 2019 (42,7 vacas) [MAPA, 2020]. Como é lóxico, a dimensión gandeira incrementase co estrato de mostraxe, desde as 15 vacas nas máis pequenas ata as 68 unidades nas maiores. En consecuencia, a carga gandeira reflicte valores similares nos catro estratos analizados, moi próximos ao valor medio (1,1 vacas por ha SAU). A taxa de recría, definida como a porcentaxe de xovencas (≥ 12 meses) sobre o total de vacas, é do 25,2 %; obsérvanse porcentaxes máis elevadas a medida que se incrementa o estrato de SAU, o que pode gardar relación con varios factores como unha menor lonxevidade das vacas; que son graxas en crecemento, que necesitan de recría; que son graxas novas, cunha estratexia de reprodución non acorde coa

produción ecolóxica, que teñen un exceso de recría.

No que á reprodución se refire, débese sinalar que o que predomina é a inseminación artificial, pois tan só 1 de cada 4 explotacións dispón de touros. Apréciase unha maior presenza de touros nas explotacións con maior estrato de SAU, o que pode gardar relación coa maior dispoñibilidade de superficie para manexar o gando e que sexan graxas máis convencionais, que estean acostumadas a traballar con hormonas e, ao non dispoñer delas, a súa reprodución empeora e por iso empregan touros (cadro 2). Outra característica destacable é que 5 ganderías (18 %) teñen outras especies gandeiras distintas das vacas de leite, tales como as vacas de carne (2), ovellas (1), burros (1) ou polos (1).

A produción anual media de leite ascende a 190 mil litros por explotación, o que é un 47 % inferior á media das explotacións leiteiras en Galicia no ano 2019 (361,7 mil litros); esta menor produción de leite vén derivada da menor produción unitaria, de 4.341 litros por vaca e ano fronte aos 8.469 mil litros de produción en convencional (MAPA, 2020). Existen importantes diferenzas en función do estrato de SAU: así as explotacións pertencentes ao estrato 3 (40 a 60 ha de SAU), teñen unhas maiores producións por explotación e vaca (305.000 e 5.746 litros respectivamente); pola súa contra as do estrato 1 producen de media 55.000 e 3.090 litros respectivamente.

En relación coa alimentación, a normativa impón a obrigatoriedade de realizar o pastoreo do gando durante todo o ano, sempre que as condicións

► DÉBESE SINALAR QUE O QUE PREDOMINA É A INSEMINACIÓN ARTIFICIAL, POIS TAN SÓ 1 DE CADA 4 EXPLOTACIÓNS DISPÓN DE TOUROS

Cadro 2. Gando, produción de leite e alimentación

Estrato SAU (ha)	<20	20<40	40<60	≥ 60	TOTAL
Vacas totais (número)	15,0	34,6	53,2	68,0	41,1
Vacas produción (% s. total)	73,9	73,6	83,8	76,2	75,9
Taxa recría (%)	15,9	23,8	27,7	34,4	25,2
Touros (% explotacións)	0,0	14,3	40,0	60,0	25,0
Carga gandeira (vacas/SAU)	1,2	1,1	1,0	1,0	1,1
Exp. outros animais (%)	25,0	7,1	40,0	20,0	17,9
Produción anual leite (mil litros)	55,0	151,5	305,2	292,0	190,2
Produción anual leite vaca (mil litros)	3.090	4.298	5.746	4.061	4.341
Produción anual leite ha SAU (mil litros)	3.812	4.641	6.445	4.187	4.764
Consumo de concentrado (kg vaca día)	5,7	4,2	5,2	3,8	4,5
N.º de meses que as vacas se manteñen en base a pasto	9,8	6,2	7,2	7,5	7,2

climatolóxicas o permitan. Porén, o número de meses que as vacas se alimentan principalmente de pastos é menor (7 meses), o cal indica que as vacas teñen que recibir suplemento alimentario, pola vía de forraxes e/ou concentrado. O consumo de concentrado é por termo medio de 4,5 kg por vaca e día, e apréciase un maior consumo nas explotacións con menos de 20 ha de SAU, o que está relacionado ►►

GRUPO AGROAMB

SENTIDO DA RECICLAXE

VANTAXES

- ✓ Melloran a estrutura do solo, drenaxe, retención de auga e aireación, proporcionando un mellor ambiente de enraizamento das plantas.
- ✓ Posúen calidades de liberación de nutrientes lenta. O material continúa a súa descomposición dentro do solo, reducindo a cantidade de nitróxeno e fosfato que pode orixinarse cos fertilizantes químicos.
- ✓ Melloran a capacidade de traballo dos chans, especialmente arxilosos pesados.
- ✓ Melloran a retención de auga nos solos lixeiros.
- ✓ Melloran a resistencia á compactación do solo e á erosión.
- ✓ Reducen a necesidade de fertilizantes artificiais.
- ✓ Regulan o pH do solo, ao achegar cal.

PRODUTOS FERTILIZANTES

O seu contido en materia orgánica, nitróxeno e fósforo fanos especialmente atractivos para a elaboración de fertilizante no sector agroforestal. Entre as súas variadas vantaxes hai que destacar que melloran a estrutura do solo, o seu grao de porosidade e a capacidade de retención de auga debido fundamentalmente á chegada de materia orgánica. Ademais, proporciónalle ao solo nitróxeno, fósforo e potasio de liberación lenta, e, ao achegar cal, permite regular o pH do solo. AGROAMB ten inscritos os diferentes produtos fertilizantes que elabora no Rexistro de Produtos Fertilizantes do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

FERTILIZANTES AUTORIZADOS

CÓDIGO	TIPO	NOME COMERCIAL
F0001757/2022	Fertilizante orgánico NPK de orixe animal e vexetal	AGROTHAME ORGANITE START
F0001894/2022	Emenda orgánica compost	AGROTHAME ORGANITE COMPOST
F0001895/2022	Emenda orgánica compost	AGROTHAME ORGANITE COMPOST START
F0001896/2022	Emenda orgánica húmica	AGROTHAME ORGANITE HUMICO START
F0001897/2022	Emenda orgánica húmica	AGROTHAME ORGANITE HUMICO
F0001919/2023	Fertilizante órgano-mineral nitroxenado líquido	AGROTHAME ORGANITE N-LIQ
F0001925/2023	Fertilizante órgano-mineral NK líquido	AGROTHAME ORGANITE PURINE
F0001926/2023	Fertilizante órgano-mineral NP líquido	AGROTHAME ORGANITE LIQUID
F0001980/2023	Emenda orgánica húmica	AGROTHAME ORGANITE HUMICO ZEN
F0002420/2025	Fertilizante órgano-mineral NPK	AGROTHAME ORGANITE AGRO
F0002421/2025	Fertilizante órgano-mineral NPK	AGROTHAME ORGANITE SULFAGRO
F0002422/2025	Emenda orgánica húmica	AGROTHAME ORGANITE HUMOST



AGROAMB

Ponte de Outeiro, 10 | 27256 Castro de Rei (Lugo)

Teléfono (+34) 982 231 365 | Fax (+34) 982 240 534

E-mail agroamb@agroamb.com | Web www.agroamb.com

coa menor dispoñibilidade de terras para a produción de forraxes.

A sala é o principal sistema de muxido (67,9 %), seguido polos circuitos de muxido (21,4 %). Ademais, encontráronse avances tecnolóxicos pouco frecuentes en ganderías asociadas ao pastoreo, como os robots de muxido (7 %). Como era de esperar, o sistema de muxido está relacionado co estrato produtivo; así en explotacións de menor dimensión (estrato 1), predominan as salas, pero tamén teñen presenza o circuito e as muxidoras (25 % cada unha delas), mentres que o robot aparece nas de maior dimensión (cadro 3).

Encontramos múltiples sistemas de estabulación, sendo o máis común o sistema libre (75 %). Tamén encontramos un 17,8 % das explotacións co sistema trabado (a pesar de que se trata dun sistema unicamente permitido para o muxido) e un 7,2 % con ambos os sistemas.

O número de cornadizas e camas é moi variable, de media hai 47 cornadizas e 42 camas. Ademais, hai 4 ganderías que non responden ao número de camas e un 28,6 % das ganderías contan con cama quente. Os ratios de números de cornadizas/vaca e número de camas/vaca supera amplamente a unidade nas explotacións de menor superficie, mentres que no resto se aproxima á unidade, con valores superiores para o primeiro dos ratioss.

Existe unha forte mecanización nas ganderías de vacún de leite eco-

lórico, pois teñen de media 2,2 tractores e unha ratio potencia total por SAU de 6,7 cv por ha. Creemos que esta forte mecanización está relacionada coa orixe das explotacións, que na maioría dos casos cambiaron de convencional a ecológico sen desprenderse da maquinaria existente.

Estrutura familiar e económica

As necesidades anuais de traballo, medidas como o número de persoas ocupadas a tempo completo ascenden por termo medio a 2,1 UTA, das que un 23,8 % son de tipo asalariado. A gran maioría (91,3 %) da man de obra familiar (1,59 UTA) é realizada por membros que residen na propia unidade familiar, e a man de obra asalariada (0,5 UTA) é fundamentalmente de tipo fixo (85 %). No cadro 4, obsérvase como as necesidades anuais de traballo ascenden segundo estrato produtivo. Deste xeito, as que as explotacións con menos SAU requiren menos de 2 UTA e as de máis de 60 ha superan as 2,6 UTA; tamén se observa un incremento da UTA asalariada nas explotacións de maior dimensión (cadro 4).

As características relativas á idade e ao nivel de formación do titular determínanse para un total de 37 titulares: 21 deles titular persoa física e os outros 16 pertencen a 7 explotacións societarias (5 explotacións teñen 2 socios cada unha e 2 explotacións teñen 3 socios). A idade media dos titulares ascende a 48,6 anos e obsérvase unha maior ida-

▶ A SALA É O PRINCIPAL SISTEMA DE MUXIDO (67,9 %), SEGUIDO POLOS CIRCUÍTOS DE MUXIDO (21,4 %)

Cadro 3. Instalacións de muxido e maquinaria

Estrato SAU (ha)	<20	20<40	40<60	≥60	TOTAL
Sistema muxido (% de explotacións)					
Circuíto	25,0	14,3	0,0	20,0	21,4
Sala	50,0	75,7	80,0	60,0	67,9
Robot	0,0	0,0	20,0	20,0	7,1
Muxidora	25,0	0,0	0,0	0,0	3,6
Sistema de estabulación					
Estabulación libre (% explotacións)	75,0	64,3	100,0	80,0	75,0
N.º cornadizas	27,3	41,1	57,8	69,8	47,3
N.º camas	21,8 (4)	39,6 (13)	53,4 (5)	76,0 (2)	42,5 (24)
N.º cornadizas/vaca	1,81	1,19	1,09	1,03	1,15
N.º camas/vaca	1,45 (4)	0,94 (13)	0,92 (5)	1 (2)	0,93 (24)
Cama quente (% explotacións)	25,0	14,3	40,0	60,0	28,6
Número de tractores	2,3	1,9	2,0	3,2	2,2
Potencia/SAU (cv/ha)	15,6	5,5	4,3	5,4	6,7

de media en estratos de menor SAU (<20 ha); polo contrario, a idade é inferior en explotacións que teñen entre 40 e 60 ha de SAU, estrato que presentaba unha maior produción de leite total e unitaria.

Con respecto ao nivel de formación, destaca a elevada porcentaxe de titulares cun nivel de formación superior (39,5 % do total), considerando como tales os estudos universitarios ou un FP superior. Ademais, détéctase un maior nivel de formación naquelas explotacións pertencentes ao estrato de maior SAU (54,5 %). ▶▶

Agropréstamo BBVA

Hay que adaptarse, pero que te lo pongan fácil



Si necesitas realizar inversiones o modernizar tu explotación para hacerla más sostenible, ponemos a tu disposición soluciones de financiación que te facilitarán esta adaptación.

Recuerda que, si domiciliaste tu PAC este año en BBVA y solicitas un Agropréstamo, no tendrás comisión de apertura.

Cadro 4. Traballo, idade, estudos e sucesión

Estrato SAU (ha)	<20	20<40	40<60	≥60	TOTAL
UTA total	1,6	2,1	2,1	2,6	2,1
Asalarización (% total)	0,28	26,0	24,2	29,7	23,8
Idade titular	52,5 (4)	49,3 (17)	44,6 (7)	47,3 (9)	48,6 (37)
% Tit. est. superiores	0	43,8	28,6	54,5	39,5
% Expl. titular ≥ 55 anos	25,0	35,7	20,0	40,0	32,1
% Exp. sen sucesión (s. tit ≥ 55 anos)	0,0	20,0	0,0	0,0	11,1

O valor numérico entre parénteses indica o número de enquisas ao que está referido

Fonte: elaboración propia

► EXISTE UNHA FORTE MECANIZACIÓN, POIS TEÑEN DE MEDIA 2,2 TRACTORES E UNHA RATIO POTENCIA TOTAL POR SAU DE 6,7 CV POR HA

Cadro 5. Estrutura económica (ingresos de unidade familiar)

Estrato SAU (ha)	<20	20<40	40<60	≥60	TOTAL
Nivel ingresos 2018	3,5	4,6	5,5	5,0	4,6
I. leite (% s. total)	37,5	57,9	72,2	62,8	58,4
I. subvencións (% s. total)	10,5	18,1	17,4	19,0	17,0
O. ingresos agrarios (% s. total)	11,0	2,9	3,0	4,4	4,4
I. outras actividades lucrativas (% s. total)	22,5	4,0	0,0	4,8	6,1
I. pensións (% s. total)	18,5	17,1	7,4	9,0	14,1
Custos de produción (€/100 litro)	-	39,3 (71,4)	30,0 (40)	33,8 (80)	36,8 (57,1)

Valores entre parénteses (% enquisas)

En relación coa idade, un 32 % das explotacións enquisadas ten unha idade do titular igual ou superior a 55 anos. A taxa de non sucesión, definida como a porcentaxe de explotacións sen sucesor sobre o total das que teñen un titular con idade ≥ 55 anos, é baixa (11,1 %) e só aparece sen sucesor algunha gandería do estrato entre 20 e 40 ha.

Na enquisa tratouse de cuantificar o nivel de ingresos da unidade familiar, considerando todas as entradas de diñeiro, procedentes tanto da actividade agraria como a non agraria, mediante 6 niveis: 1 menos de 6.000€; 2 de 6.000 € a menos de 30.000 €; 3 de 30.000 € a menos de 60.000 €; 4 de 60.000 € a menos de 120.000 €; 5 de 120.000 € a menos de 240.000 €; 6 ≥ 240.000 €.

O nivel medio de ingresos é de 4,6 unidades, o que, traducido en cifras económicas, achegárase aos 135.000 €. Existen diferenzas en función do estrato de SAU, presentando as de maior superficie un maior nivel de ingresos.

O principal ingreso da unidade familiar é o leite (58,4 %), seguido polas subvencións (17 %), as pensións (14,1 %), outras actividades lucrativas (6,1 %) e en último lugar outros ingresos agrarios (4,4 %). Existe

diferenza na súa composición en función do estrato de SAU; así, nas explotacións con menor superficie (<20 ha), o leite ten un peso máis reducido (37,5 %), inferior ao que achegan no seu conxunto as outras actividades lucrativas (22,5 %) e as pensións (18,5 %), o que é indicativo da diversificación (cadro 5).

En referencia aos custos de produción, un 57 % dos entrevistados afirma coñecer o seu custo de produción, que, por termo medio, ascendeu no ano 2018 a 37 céntimos por litro. Existe un diferencial de case 10 céntimos por litro entre as que teñen custos máis elevados (20 a 40 ha) e as que os teñen máis reducidos (40 a 60 ha).

CONCLUSIÓNS

Se ben aínda nos atopamos nunha fase preliminar da análise dalgunha das variables recollidas no traballo de campo, podemos sinalar algúns primeiros resultados interesantes. A produción leiteira certificada en ecolóxico ten a súa orixe na produción convencional; foi con posterioridade ao ano 2015 cando se produciron boa parte das reconversións.

A **condición xurídica** que predomina é a de titular persoa física e destacan os seguintes aspectos produtivos e de manexo:

En relación á base territorial, queremos destacar o tamaño relativamente amplo das parcelas, a súa proximidade ás instalacións, o predominio da SAU en propiedade, o aproveitamento maioritario en forma de herba para o gando e a disposición de superficie arbórea para resguardo do gando.

Con respecto ao **gando e a alimentación**, cabe sinalar que teñen unha dimensión gandeira similar ás ganderías en convencional, unha inferior carga gandeira e nalgúns casos posúen outras especies gandeiras. A produción anual de leite por explotación é baixa,

► NAS GANDERÍAS CON MAIOR BASE TERRITORIAL HAI UNHA MAIOR RELEVANCIA DE FORMAS SOCIETARIAS, TAMAÑO PRODUTIVO, MAIORES NECESIDADES DE TRABALLO, ESTRUCTURAS FAMILIARES MÁIS NOVAS E FORMADAS, E UN MAIOR NIVEL DE INGRESOS

da orde da metade que en convencional, fundamentalmente debido aos menores rendementos produtivos do gando. A base da alimentación é o pasto, aínda que nalgúñas épocas do ano é necesario complementar con outros alimentos.

O principal **sistema de estabulación e muxido** é a estabulación libre e a sala de muxido, se ben é posible observar innovacións tecnolóxicas como os robots de muxido. Existe unha forte mecanización, condicionada pola orixe das ganderías, que se converte a ecolóxico sen desprenderse da maquinaria existente.

En relación á **estrutura familiar**, predomina a man de obra familiar, un elevado nivel de formación dos titulares, un reducido número de explotacións que deba afrontar a xubilación nos próximos 10 anos (1 de cada 3) e unha moi baixa taxa de non sucesión nelas.

No que á **estrutura económica** se refire, hai que destacar que o leite é o principal ingreso, aínda que en menor medida que nas explotacións convencionais; sobresaen o elevado grao de descoñecemento dos custos de produción e a súa variabilidade.

Finalizamos destacando que as anteriores características, ao igual que en produción convencional, varían en función da dimensión produtiva. Así, nas ganderías con maior base territorial hai unha maior relevancia de formas societarias, tamaño produtivo, maiores necesidades de traballo, estruturas familiares máis novas e formadas e un maior nivel de ingresos.

Se ben este traballo non é un estudo de **tipificación de ganderías**, a caracterización en función da **dimensión produtiva** evidencia a existencia de diversas ganderías tipo. Así as máis pequenas, con menos de 20 ha de SAU, son ganderías que se encontran en transición cara a retirada; estas teñen unha menor dimensión produtiva e rendementos, unha maior idade do titular, unhas instalacións infrautilizadas e unha economía familiar onde os ingresos procedentes de outras actividades lucrativas e pensións teñen unha maior relevancia que os da actividade agraria. As do estrato comprendido entre as 40 e 60 ha, poderíanse denominar como profesionais con futuro, pois amosan un comportamento máis dinámico; teñen maior dimensión produtiva, rendementos,

titulares máis novos e menores custos de produción.

AGRADECEMENTOS

A todas as ganderías que foron entrevistadas por Carlos Rojo Pombo. ■

BIBLIOGRAFÍA

Botana-Fernández, A., Pereira-Crespo, S., Lorenzana-Fernández, R., Veiga-López, M., Resch-Zafra, C., González-González, L., Castro-Insua, J., Dagnac, T., Valladares-Alonso, J., Flores-Calvete, G. (2018).

Estructura e sistema de alimentación en explotacións leiteiras de Galicia. Centro de investigación agrarias de Mabegondo.

Comisión Europea. 2020. Comunicación de la comisión al parlamento europeo, al consejo europeo, al consejo económico y social europeo y al comité de las regiones. El Pacto Verde Europeo. Bruselas, 11.12.2019 COM(2019) 640.

Flores G, Martínez A, Doltra A, García P, Eguinoa P. 2017. Informe Proyecto INIA-RTA2012-00065-C05: "Encuesta sobre estructura y sistemas de alimentación de las explotaciones lecheras de Galicia, Cornisa Cantábrica y Navarra" INIA. P: 1-51.

García (2021). El sector bovino en Cantabria: dinámica, caracterización y análisis de su sostenibilidad (Doctoral dissertation, Universidade de Santiago de Compostela).

Hughner, R.S, McDonagh, P., Prothero, A., Shultz, C.J., Stanton, J. (2007). "Who are organic food consumers? A compilation and review of why people purchase organic food. Journal of Consumer Behaviour J. Consumer Behav, 6 (94-110).

López, E. (2015). A cadea láctea en Galicia: retos e estratexias nun Mercado liberalizado. En CES Galicia (Eds.): Sector lácteo. Santiago de Compostela: 5-9.

MAPA (2016). Agricultura ecológica, estadísticas 2015. Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación.

MAPA (2020). Estructura del sector vacuno lechero en España y en la Unión Europea. 2015-2019. Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación.

MAPA (2021). Agricultura ecológica, estadísticas 2020. Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación.

MAPA (2022). Declaraciones de entregas de leche cruda a primeros compradores. Mayo 2022. Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación.

Olaizola, A., Bernués, A., Blasco, I., Sanz, A. (2012). "Perspectivas de una carne de calidad diferenciada: análisis exploratorio para la carne de vacuno Serrana de Teruel". ITEA, 108 (546:562).

Sineiro García, F., Lorenzana Fernández, R., & Vázquez González, I. (2012). Situación actual y cambios previstos en la estructura y en el sistema productivo de las explotaciones de leche en Galicia. Pastos, 42(1), 67-92.

Soto y Pérez (2022). O futuro da agricultura ecolóxica en Galicia no marco do pacto verde europeo. Foro económico de Galicia.